

A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O GALEGO

SINFONIA INACABADA OPUS 93

FRANCISCO PILLADO MAYOR

*De universidades nada, nada.
Que el vino corra al encuentro
de un salvador de España*

Rafael Alberti


Para determinados sectores intelectuais, sociais e políticos deste país, a cidade da Coruña é aínda hoxe o perfecto paradigma desa urbe señorial, frívola e insolidaria que vive de costas ás realidades culturais máis xenuinamente galegas.

Esta visión, parcial e interesada, fruto, entre outras cousas, da máis atroz ignorancia, acha os seus mellores argumentos en individuos como Francisco Vázquez e Xosé Luis Meilán Gil, personalidades ambas tan dispares na súa afiliación política como coincidentes no particular xeito de interpretar ese bódrio reaccionario, chamado coruñesismo.

Resulta elocuente esta curiosa confluencia, de moi determinados sectores políticos e confesionais, nun obxectivo único e primordial: o de intentar aniquilar, por todos os medios posibles, as señas máis características da nosa identidade nacional. Os procedimentos, os estilos e as formas varían segundo o talento e a cultura do intérprete, pero a pretensión é, necesariamente, a mesma en todos os casos. Talvez, por iso, neste enredo da vella farsa, teñen cabida as máis variopintas personaxes, sempre que se adaptan ás esixencias previas dun guión nécio e monocorde.

En consecuencia, poden desfilar pola cena desde curiosas figuras, amamantadas na corte do rei Ubú, que lembran ao do alcalde herculino, até sombras tan pusilánimes como a daquel valleincalesco Padre Claret —o da Corte Milagreira— que parece reencarnado hoxe en Reitor Magnífico da Universidade coruñesa.

De todos é sabido, por exemplo, que o devandito alcalde, nun alarde de sublime coruñesismo, recorreu unha sentenza, que supuña o ingreso nas arcas municipais de centos de millóns de pesetas, en beneficio dunha determinada e moi concreta área comercial. Curiosamente, este mesmo alcalde fica excluído



agora das listas eleitorais que apresenta o seu partido como représalia —din— pola súa identificación co sector dos "descamisados", inserido nese mesmo partido que, cun retraso practicamente secular, a respecto do Bardo de Bergantiños, proclama ufano que "os tempos son chegados".

Para non ser menos, e aproveitando eses longos e cálidos días de estío, co Monte do Gozo transformado en deleznábel e custosísimo escaparate das máis refinadas vulgaridades, o Reitor Magnífico da Universidade herculina, sorprendenos a todos coa decisión de anular a sección de Galego-Portugués que, desde hai xa varios anos, viña funcionando con plena nor-

malidade no cámpus coruñés.

Esta decisión nada gratuíta, que deixa o noso idioma nunha situación de total desamparo e absoluta marxinalidade, a respecto doutras disciplinas, consideradas como menos conflitivas, responde, por suposto, a intereses moi concretos e moi ramificados, tanto de índole persoal como

de índole política.

De índole persoal porque o señor Meilán pretende, talvez, utilizar a Universidade coruñesa a xeito deses gabinetes de relacións públicas ou clubs privados que outorgan, gratuitamente, títulos honoríficos a persoas moi próximas á súa onda ideolóxica-confesional.

De índole política porque a consolidación do departamento de Galego-Portugués na Universidade coruñesa podía desprazar esa pesada lousa de monolismo ortográfico —imposto a golpe de decreto como nos mellores tempos do nacional-catolicismo— tras da que se agachan uns intereses económicos moi concretos e moi substanciosos.

Como explicación a todo este proceso, e nun curiosísimo exercicio dialéctico que me resisto a calificar, o señor Meilán declarou que non se podía falar de supresión xa que, en rigor, esa especialidade —a de galego-portugués— nunca existira como tal no cámpus da universidade coruñesa.

En definitiva, e para entendérmonos, non houbo nunca alumnos matriculados nesa especialidade e, como consecuencia, non existen licenciados nesa materia concreta. Por suposto, tampouco houbo profesores que impartisen aulas, nen se convocaron concursos-oposición para ocupar unhas vacantes que nunca, nunca existiron.

Estamos, polo tanto, diante dun simple fenómeno para-normal, provocado, talvez, por sombras chinesas que aterraron nestes pagos, atraídas polos deslumbrantes fastos do Xacobeo-93.

Á marxe destes estraños fenómenos, creo que a presión dos estudantes, dos docentes, dos sectores culturais, políticos, sindicais e profesionais deste país é determinante para o desenlace dunha cuestión na que está en xogo a propia credibilidade da institución universitária coruñesa, que nos gustaría fose modelo de compromiso universal, pero sen esquecer nunca, para non caer en vácuas abstraccións, que o primeiro compromiso é compromiso co próximo, co inmediato.

A presión social é tan determinante que de feito as últimas declaracións do reitor son tremendamente confusas e ninguén sabe aínda como vai rematar esta grotesca peza sinfónica, opus 93, interpretada por músicos mediocres, a destempeo e contratempo. ♦

— — — — —
**‘A presión
dos estudantes,
dos sectores culturais e
profesionais
é determinante’**